

## PLENO

**ACTA 2019/13 DA SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DO PLENO DO CONCELLO DE OROSO DO 18/11/2019**

No salón de Plenos da Casa do Concello , ás 09:30 horas do 14/10/2019, coa asistencia de:

- 1 Manuel Mirás Franqueira – alcalde – (PSdeG-PSOE)
- 2 Vanesa Boo Martínez (PSdeG-PSOE).
- 3 Antonio Leira Piñeiro (PSdeG-PSOE)
- 4 Luis Rey Villaverde (PSdeG-PSOE)
- 5 Javier Grela Mosquera (PSdeG-PSOE)
- 6 Beatriz Rodeiro Fernández (PSdeG-PSOE)
- 7 Alexander Doval Expósito (PP)
- 8 Lidia López Gándaras (PP)
- 9 Silvia Suárez García (PP).
- 10 José Carlos Mosquera Boo (PP)
- 11 José Manuel Mirás Pulleiro (OR)
- 12 María Teresa Cendal Iglesias (OR)
- 13 Isabel Fernández Gallego (BNG).

Actúa como secretario do Pleno, o Secretario da Corporación Federico Suárez Canelo e igualmente está presente o Interventor da Corporación Félix Carrasco del Pozo.

Constitúese o Pleno da Excma. Corporación en sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE conforme á convocatoria e segundo a seguinte ORDE DO DÍA:

**I PARTE RESOLUTORIA**

- 1 Aprobar se procede a ratificación do carácter urxente da presente convocatoria.
- 2 Aprobar, previa resolución das alegacións a modificación orzamentaria por transferencia de crédito 2019/17. (EXP. 2019/T002/000017).
- 3 Aprobar inicialmente a modificación da ordenanza fiscal reguladora da taxa de abastecemento de auga. (EXP. 2019/G016/000001).
- 4 Aprobar inicialmente a modificación da ordenanza fiscal reguladora da taxa de saneamento da auga. (EXP. 2019/G016/000002).
- 5 Aprobar se procede o expediente de investigación referente ao ancho da rúa Toxeira (2019/X999/000017).

O alcalde declara aberta a sesión en primeira convocatoria procedendo a continuación a tratar os diferentes asuntos incluídos na orde do día:

**1 Aprobar se procede a ratificación do carácter urxente da presente convocatoria.**

Ábrese unha quenda de intervencións.

## PLENO

Toma a palabra don José Manuel Mirás Pulleiro (OR) quen considera que a convocatoria deste pleno como extraordinario e urxente condiciona o dereito de participación política, xa que se non se pode trasladar estes asuntos ao pleno ordinario a lo menos se debería convocar un pleno extraordinario e non un pleno extraordinario e urxente. Considera que a acumulación de asuntos que forma a orde do día desta convocatoria non será nova e non está xustificada a urxencia de todos e cada un dos asuntos incluídos na orde do día como establece o artigo 35 da Lei 39 de procedemento que se debe facer. Pregúntase se existe realmente algún prazo que se deba cumprir e que motive realmente a urxencia. Sinala que o Sr. Alcalde indica que á oposición sempre se lle tratou ben, pero o certo é que non houbo nin un aviso, nin un correo, nin unha chamada, nin unha reunión de traballo, aínda que é lóxico se temos en conta que aínda non coñecemos o programa de goberno conxunto. Xa dixo Sócrates que a democracia convirte aos cidadáns e cidadáns de dereito pero non en cidadáns responsables e polo tanto existe o perigo de que o exercicio do poder político poida caer en mans dos tiranos como ocorría na Grecia clásica. Considera que a oposición, ao convocar os plenos deste xeito, non ten tempo para mirar os expedientes e que este uso discrecional que se fai polo Alcalde da potestade de convocar plenos extraordinarios e urxentes lesiona o dereito da oposición de tomar coñecemento dos asuntos o que pode levar á nulidade de pleno dereito do Pleno. No caso do BNG se está a desnaturalizar a forma de toma de decisións asemblearias, non lle concederon a dedicación exclusiva compráronlle o silencio cos orzamentos que pagamos todos os contribuíntes e colocárona no soto do Concello alonxada do primeiro andar. Considera que non estamos ante un goberno de ilusión se non ante un goberno de intereses creados. Por responsabilidade dos puntos que se levan anuncia que se van a abster neste punto.

Intervén D. Alexander Doval Expósito (PP) quen considera que a convocatoria urxente do pleno é unha cuestión de como se organiza o goberno municipal, é unha forma de organizarse mellor ou peor por parte do goberno. En todo caso o que si solicitaría é que cando se convoquen sesións extraordinarias e urxentes non so se nos achegue coa convocatoria a proposta de acordo se non tamén os informes dos técnicos que consten no expediente, que neste caso os pedimos e o venres se nos facilitaron polos funcionarios pero se pode ser que nolos faciliten xa coa convocatoria sería moito mellor. En todo caso nos ímonos abster.

O Sr. Alcalde da por rematado o debate sometendo a urxencia da sesión a votación e o Pleno da Corporación por:

Votos a favor: sete (6 do PSdeG-PSOE; 1 do BNG).

Votos en contra: ningún ( 0 votos ).

Abstencións: seis ( 4 do PP e 2 de OR), aproba a urxencia da sesión.

## PLENO

**2. Aprobar, previa resolución das alegacións a modificación orzamentaria por transferencia de crédito 2019/17. (EXP. 2019/T002/000017).**

Logo de ver a proposta de acordo asinada polo Sr. Alcalde que di:

*“LOGO DE VER a reclamación interposta por o concelleiro D. Alexander Doval Expósito, nº rexistro entrada 3016, contra a aprobación do expediente de modificación de crédito 2019/17.*

*LOGO DE VER o informe de intervención de data 12 de novembro sobre a mesma.*

*De acordo co artigo 179.4 do TR 2/2004 reguladora das facendas locais en relación co 169 da mesma lei, proponse ao Pleno da corporación local, previo ditame da Comisión Especial de Contas, a adopción do seguinte acordo:*

*1º) A desestimación das alegacións presentadas e a aprobación definitiva do expediente de modificación de crédito 2019/17.*

*2º) A publicación do acordo no Boletín Oficial de a provincia.”*

Ábrese unha quenda de intervencións.

Toma a palabra D. José Manuel Mirás Pulleiro (OR) quen quere lembrarlle ao Sr. Alcalde que na medida en que se publicaron os gastos menores, quere lembrarlle que o Sr. Alcalde pagoulle o 23 de abril 3.900 euros Juan Sebastian Lareo un Arquitecto para a redacción do proxecto de urbanización da rúa do Campo e agora resulta que con esta transferencia de crédito retiramos o importe destinado a esa obra que rea de 18.500 euros no capítulo 6 e polo tanto non se vai a encargar a obra. Digno do camarote dos irmáns Marx. O cambio de iluminación do pavillón Juanito Amigo quedou ben pero lémbrolle que gastou mais de 1.000 euros en mobiliario no despacho do concelleiro de deportes e igualmente os gastos que leva feitos no bar da piscina e que o contrato da cuberta da piscina que se ía a executar no outono segue en avaliación na Plataforma de Contratos do Sector Público. Fágolle estas puntualizacións xa que se trata de información dos gastos menores que non estaba publicada no momento de aprobación inicial deste punto no pasado pleno.

Intervén D. Alexander Doval Expósito (PP) quen manifesta que van a manter o sentido do voto do pleno anterior.

Intervén D. Antonio Leira Piñeiro (PSdeG-PSOE) quen sinala que as alegacións presentadas polo PP baséanse en que varios clubs deportivos se puxeron en contacto con eles para preguntarlles cales eran as inversións que

## PLENO

se ían a realizar, considera que o PP debería indicarlles cales foron e en todo caso se poden poñer en contacto con el como concelleiro de deportes que é. Lembra que o informe emitido polo Interventor sinala que non procede a estimación da alegacións presentada e en todo caso sinala que se teñen que facer gastos entre outras cousas para arranxar a iluminación en tenis de mesa ou a mellora das instalacións de Taekwondo, ou por exemplo hóckey e patinaxe decidiron separarse polo que se teñen que reformar as instalacións, todas esas necesidades era imposible coñecelas en abril, como tampouco se podía saber que o Sigüeiro ascendería de categoría e se ten que colocar unha cabina para os medios no campo. Considera que as alegacións presentadas son un brinde ao sol e reitera que lle gustaría que indicara que clubs foron os que se dirixiron a el.

D<sup>a</sup>. Isabel Fernández Gallego (BNG) afirma que logo de ver o informe emitido polo Interventor onde sinala que procede a desestimación da alegación, o seu grupo non ten nada mais que dicir e respecta o criterio do técnico.

Toma a palabra o Sr. Alcalde quen sinala que o Sr. Mirás Pulleiro fai intervencións brillantes pero está mal informado e está errado. Na rúa do Campo se fixo un proxecto e efectivamente se orzamentaron 18.000 euros para as obras pero porque se solicitou unha subvención á Xunta de Galicia, e isa era a aportación municipal, non a concederon e por iso se transfiren eses cartos. En canto ás obras da cuberta da piscina non se iniciaron antes porque ía coincidir coa tempada de verán e non resultaba procedente ter a piscina parada. En canto ao tema das remodelacións da piscina, afirma que percibiui que a xente estaba contenta.

D. José Manuel Mirás Pulleiro (OR) afirma que considera que arredor da piscina se están a facer unha serie de gastos que non concordan coa finalidade da piscina e considera que está a facer unha crítica lexítima.

Intervén D. Alexander Doval Expósito (PP) que afirma que con D. Antonio Leira Piñeiro falaron dous clubs e incluso presentaron un escrito.

D. Antonio Leira Piñeiro (PSdeG-PSOE) afirma que con el non.

D. Alexander Doval Expósito (PP) considera que a modificación que se fai é para aumentar o gasto corrente e facer fronte así aos gastos que se fixeron antes das eleccións locais.

D. Antonio Leira Piñeiro (PSdeG-PSOE) afirma que cos clubs de deportes trata case que todos os días e sempre me fan peticións de todo tipo, e si o club de hóckey Oroso me deu un escrito solicitando que se fixeran unha serie de melloras e afirma que está recibindo peticións e escritos sempre non co gallo desta modificación de crédito. O departamento de deportes segue a mesma mecánica sempre, e se reciben constantemente peticións e non se incrementaron con motivo desta transferencia de crédito. Reitera que se van a

## PLENO

facen melloras no alumado na sala de tenis e se tiveron que facer unha serie de obras menores no pavillón para separar hóckey de patinaxe. Polo tanto desas peticións que fala o Grupo do PP rogaría que llas fixeran chegar.

Intervén o Sr. Alcalde quen afirma que respecta a alegación presentada polo PP pero que está claro que se colle antes a un mentireiro que a un coxo. Lémbrelle a algún xuízo ao que tivo que acudir como perito no que os avogados intentan desviar a atención de cales foron realmente as condicións do accidente, e aquí pasa un pouco o mesmo xa que a transferencia de crédito é para sacar de partidas de inversión para destinar a gasto corrente polo que non se entende moi ben como lle preguntan ao Sr. Doval por cales van a ser as inversións que se fan facer.

O Sr. Alcalde da por rematado o debate sometendo a proposta de acordo a votación e o Pleno da Corporación por:

Votos a favor: sete ( 6 do PSdeG-PSOE e 1 do BNG).

Votos en contra: seis ( 4 do PP e 2 de OR).

Abstencións: ningunha ( 0 votos) adopta o seguinte acordo:

1º) A desestimación das alegacións presentadas e a aprobación definitiva do expediente de modificación de crédito 2019/17.

2º) A publicación do acordo no Boletín Oficial de a provincia

### **3 Aprobación inicialmente a modificación da ordenanza fiscal reguladora da taxa de abastecemento de auga. (EXP. 2019/G016/000001).**

Logo de ver a proposta de asinada pola Alcaldía que di:

*“Considerando a providencia de alcaldía de data 12 de novembro do presente, polo que inicia o expediente de modificación da ordenanza fiscal da taxa polo servizo de subministro de augas.*

*Visto o informe favorable de data 12 de novembro de secretaría e intervención.*

*O Alcalde do Concello de Oroso, conforme ó disposto no artigo 57 da Lei reguladora das Facendas locais, propón á consideración do Pleno do Concello, previo ditame da Comisión Especial de Contas a adopción do seguinte acordo:*

*1º) A aprobación provisional da modificación da ordenanza fiscal da Taxa polo servizo de subministro de augas, do seguinte xeito:*

**“MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DE SUBMINISTRO DE AUGAS**

## PLENO

*O artigo 3 da ordenanza queda redactada como segue:*

### **ARTIGO 3. TARIFAS**

*Fíxanse as seguintes tarifas:*

*Aboados domésticos*

*De 0 a 10 m3/mes..... 0,388476076 €/m3*

*Más de 10 m3/mes..... 0,489634647 €/m3*

*Aboados industriais*

*De 0 a 10 m3/mes..... 0,388476076 €/m3*

*Más de 10 m3/mes.....0,571240413 €/m3*

### **DISPOSICIÓN FINAL**

*A presente ordenanza fiscal, aprobada a súa redacción definitiva polo Pleno do Concello, entrará en vigor ó día 1 de xaneiro de 2020 unha vez publicada no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresas.*

*2º) A apertura dun período de exposición pública de 30 días mediante publicación de anuncio no BOP. De non producirse alegacións, a modificación da ordenanza elevarase automaticamente a definitiva.*

*Ábrese unha quenda de intervencións.*

Toma a palabra D. José Manuel Mirás Pulleiro (OR) quen afirma que respecto do incremento de tarifas se está omitindo o ditame da comisión informativa e se está a omitir información xa que se debería detallar en ingresos que vai a supoñer esta suba. Non sabemos se a Xunta vai a subir o canon da auga e se esa suba vai a repercutir nos cidadáns. Afirma estar preocupado pola perda de peso do Concello na FEGAMP e igualmente non saber nada dos orzamentos municipais.

Responde o Sr. Alcalde que o PSdeG-PSOE na FEGAMP conta con 9 representantes na executiva e 16 de 29 na Asemblea Xeral e na xunta directiva con dous membros, polo que considera que está moi ben representado. Afirma que el non forma parte porque non quere xa que quere dedicarse mais ao Concello e á súa actividade privada xa que el ten dedicación parcial e independencia total. Continúa sinalando que esta modificación se trata da suba do IPC que se ven levando a cabo desde o ano 2003, data na que se firmou o actual contrato. Cando no 2023 venza este contrato si que van a subir as tarifas xa que se terá que facer o estudo do que fala o Sr. Mirás Pulleiro e veremos como aquí en Oroso se está a pagar pouco en relación con calquera dos concellos da comarca. En canto ao canon da auga, se o decide subir a Xunta, aí o Concello non pode facer nada, o que si

## PLENO

debería lembrarlle o Sr. Pulleiro á Xunta de Galicia e que esta debería reverter a lo menos o 50% dese canon aos Concellos para que puideran invertelo en infraestruturas de abastecemento e saneamento, xa que aquí serían 49.000 euros ao ano para inversións en Oroso. Considera que se debe traballar mais e non traer ao Pleno cuestións filosóficas.

D. Alexander Doval Expósito (PP), sinala que se trata simplemente da suba do IPC que está así previsto nun contrato do ano 2003 e non ten mais, pero si quería ao fío disto sinalar que cando se están a facer as infraestruturas de abastecemento de auga deberían facerse polos dous marxes da estrada, xa que a algún veciño lle sae moito mais caro conectarse porque ten que cruzar a vía pública para engancharse mentres outros o teñen na porta da súa casa e iso nos parece inxusto.

Intervén o Sr. Alcalde quen indica que aquí se ven a falar dunha cousa que é o asunto da orde do día e sen embargo se fala doutras que non son as da orde do día. Reitera que so se está a acordar a suba do IPC porque o establece o contrato.

O Sr. Alcalde da por rematado o debate sometendo a proposta de acordo a votación e o Pleno por:

Votos a favor: sete ( 6 do PSdeG-PSOE; 1 do BNG).

Votos en contra: ningún ( 0 votos ).

Abstencións: seis ( 4 do PP e 2 de OR), adopta o seguinte acordo:

1º) A aprobación provisional da modificación da ordenanza fiscal da Taxa polo Servicio de subministro de augas, do seguinte xeito:

### “MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DE SUBMINISTRO DE AUGAS

O artigo 3 da ordenanza queda redactada como segue:

#### **ARTIGO 3. TARIFAS**

Fíxanse as seguintes tarifas:

Aboados domésticos

De 0 a 10 m3/mes..... 0,388476076 €/m3

Más de 10 m3/mes..... 0,489634647 €/m3

Aboados industriais

De 0 a 10 m3/mes..... 0,388476076 €/m3

Más de 10 m3/mes.....0,571240413 €/m3

#### **DISPOSICIÓN FINAL**

## PLENO

A presente ordenanza fiscal, aprobada a súa redacción definitiva polo Pleno do Concello, entrará en vigor ó día 1 de xaneiro de 2020 unha vez publicada no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresas.

2º) A apertura dun período de exposición pública de 30 días mediante publicación de anuncio no BOP. De non producirse alegacións, a modificación da ordenanza elevarase automaticamente a definitiva.

**4. Aprobar inicialmente a modificación da ordenanza fiscal reguladora da taxa de saneamento da auga. (EXP. 2019/G016/000002).**

Logo de ver a proposta de asinada pola Alcaldía que di:

“Considerando a providencia de alcaldía de data 12 de novembro do presente, polo que inicia o expediente de modificación da ordenanza fiscal da taxa polo servizo de sumidoiros.

Visto o informe favorable de data 12 de novembro de secretaría e intervención.

O Alcalde do Concello de Oroso, conforme ó disposto no artigo 57 da Lei reguladora das Facendas locais, propón á consideración do Pleno do Concello, previo ditame da Comisión Especial de Contas a adopción do seguinte acordo:

1º) A aprobación provisional da modificación da ordenanza fiscal da Taxa polo Servizo de sumidoiros, do seguinte xeito:

**MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA POLO SERVICIO DE SUMIDOIROS**

O artigo 5 da ordenanza queda redactado do seguinte xeito:

**“ARTIGO 5. TARIFAS**

Fíxanse as seguintes tarifas:

a) Aboados do servizo de auga

Aboados domésticos

De 0 a 10 m3/mes..... 0,339186728 €/m3

Más de 10 m3/mes..... 0,427445883 €/m3

Aboados industriais

De 0 a 10 m3/mes..... 0,339186728 €/m3

Más de 10 m3/mes..... 0,499411066 €/m3



## PLENO

b) Aboados só ó servicio de saneamento

Cota trimestral: 10,183748875 €/trimestre

c) Limpeza fosas sépticas

Por limpeza: 40,734995391 €/limpeza”

### DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza fiscal, aprobada a súa redacción definitiva polo Pleno do Concello, entrará en vigor ó día 1 de xaneiro de 2020 unha vez publicada no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresas.

2º) A apertura dun período de exposición pública de 30 días mediante publicación de anuncio no BOP. De non producirse alegacións, a modificación da ordenanza elevarase automaticamente a definitiva.

Ábrese unha quenda de intervencións.

Toma a palabra D. José Manuel Mirás Pulleiro (OR) quen sinala que o Sr. Alcalde queixase de que a oposición non lle achega solución, pois en podemos falar por exemplo do proxecto da Sogama da auga, xa que imaxino que a ningún lle gusta ver como saíu en prensa a cualificación negativa da EDAR de Oroso. Por exemplo no informe elaborado por Augas de Galicia deixa en bastante mal lugar as depuradoras xestionadas polos Concellos.

O Sr. Alcalde interrompe e requírelle ao Sr. Mirás Pulleiro que se centre no punto da orde do día e que non fale doutras cousas.

D. José Manuel Mirás Pulleiro (OR) responde que está relacionado.

O Sr. Alcalde pregunta que ten que ver a Sogama da auga cun contrato que ten o Concello de Oroso cunha empresa ata o 2023 que establece a subida do IPC, para outro tipo de cousas están os plenos ordinarios.

D. José Manuel Mirás Pulleiro (OR) considera que non se lle deixa falar porque non interesa.

O Sr. Alcalde da por rematado o debate sometendo a proposta de acordo a votación e o Pleno por:

Votos a favor: sete ( 6 do PSdeG-PSOE; 1 do BNG).

Votos en contra: ningún ( 0 votos ).

Abstencións: seis ( 4 do PP e 2 de OR), adopta o seguinte acordo:

## PLENO

1º) A aprobación provisional da modificación da ordenanza fiscal da Taxa polo Servicio de sumidoiros, do seguinte xeito:

**MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA POLO SERVICIO DE SUMIDOIROS**

O artigo 5 da ordenanza queda redactado do seguinte xeito:

**“ARTIGO 5. TARIFAS**

Fíxanse as seguintes tarifas:

a) Aboados do servicio de auga

Aboados domésticos

De 0 a 10 m3/mes..... 0,339186728 €/m3

Más de 10 m3/mes..... 0,427445883 €/m3

Aboados industriais

De 0 a 10 m3/mes..... 0,339186728 €/m3

Más de 10 m3/mes..... 0,499411066 €/m3

b) Aboados só ó servicio de saneamento

Cota trimestral: 10,183748875 €/trimestre

c) Limpeza fosas sépticas

Por limpeza: 40,734995391 €/limpeza”

**DISPOSICIÓN FINAL**

A presente ordenanza fiscal, aprobada a súa redacción definitiva polo Pleno do Concello, entrará en vigor ó día 1 de xaneiro de 2020 unha vez publicada no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresas.

2º) A apertura dun período de exposición pública de 30 días mediante publicación de anuncio no BOP. De non producirse alegacións, a modificación da ordenanza elevarase automaticamente a definitiva

**5. Aprobar se procede o expediente de investigación referente ao ancho da rúa Toxeira (2019/X999/000017).**

Logo de ver a proposta de asinada pola Alcaldía que di:

## PLENO

“Logo de ver que na tramitación do expediente 2018/A008/000040 referente á solicitude do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) “POS +2019”, por parte do Secretario da Corporación informouse que:

-Mellora de rede viaria nos lugares de Vilalbarro, a Estación de Oroso, Vilacide de Abaixo, A Igrexa e Riás(Oroso), Rial (Trasmonte), Rúa Telleira, Rúa Toxeira, Avda de Compostela e Rúa Portiño (Sigüeiro).

Xa que segundo o proxecto técnico, en relación á dispoñibilidade dos terreos se afirma: “Rúa Toxeira (Sigüeiro): nos planos de concentración parcelaria de Oroso-Gándara-Deixebre- Trasmonte, con data de firmeza do Acordo de 11/05/1990 e data de entrega de Títulos de 22/03/1993; se ben, o ancho do vial que figura nos planos de concentración é inferior ao ancho da rúa na actualidade, este último coincidente co que figura nos planos de ordenación do PXOM de Oroso.”

Polo tanto ante esta situación non pode afirmarse con total rotundidade a dispoñibilidade dos terreos da rúa Toxeira, se ben é certo que estando a rúa existente na actualidade xa consolidada con dito ancho e coincidindo co grafado no PXOM é moi probable que os mesmos sexan de titularidade municipal. Ante esta situación considerase que antes de proceder a aprobar o proxecto e en todo caso antes de iniciar calquera tipo de obra, sería necesario tramitar o correspondente expediente de investigación do dominio público regulado nos artigos 45 e seguintes da Lei 33/2002, de 3 de novembro, de Patrimonio das Administracións Públicas e artigo 45 e seguintes Real Decreto 1372/1986, de 13 de junio, por el que se aprueba el Reglamento de Bienes de las Entidades Locales

LOGO DE VER o levantamento topográfico levado a cabo da rúa Toxeira e o informe emitido con data de 22 de xaneiro de 2019 polo Arquitecto Municipal onde se indica que:

*“A rúa Toxeira se atopa nos planos de concentración parcelaria de Oroso-Gándara-Deixebre- Trasmonte, con data de firmeza do Acordo de 11/05/1990 e data de entrega de Títulos de 22/03/1993. Á vista destes planos, o ancho do vial que figura nos planos de concentración aínda que non se atopa acotado, é inferior ao ancho da rúa na actualidade.*

*Por outra banda, a rúa Toxeira figura nos planos do solo urbano do plan xeral de ordenación municipal de Oroso (A Coruña), estando unha parte clasificada como solo urbano coa calificación de sistema viario, e no que se establecen unhas aliñacións que coinciden coa aliñación dos edificios existentes polo seu linde oeste e que, no que respecta ao linde este, a aliñación ven a atravesar as edificación existentes, polo que para acadar a totalidade da superficie de viario público prevista no PXOM deberá ser obxecto de cesión obrigatoria cando se edifiquen os solares que actualmente ocupan as edificacións que son atravesadas pola aliñación prevista.*

## PLENO

*Na actualidade, esta rúa se atopa asfaltada e ten como límites polo linde este as edificacións existentes e parte do peche dunha parcela. No que respecta ao linde oeste coincide coas edificacións existentes e no seu tramo final cara ao sur, se atopa igualmente asfaltado e dispón dun pozo de bombeo de residuais.*

*Realízase un levantamento da situación actual coa finalidade de delimitar os terreos de dominio público do tramo clasificado como solo urbano, e polo tanto os terreos que deben ter a consideración de viario público, de titularidade municipal que permitan realizar polo concello de Oroso as actuacións que se consideren necesarias para o mantemento do viario público.*

*Á vista do levantamento topográfico, realízase un plano perimetral que delimita a parte que pode ser considerada como viario público resultando un trazado algo irregular delimitado polas aliñacións das edificacións existentes ou a prolongación das edificacións ou construcións existentes.*

*Realizada a comprobación de superficies a efectos de poder inventariar, no seu caso, o camiño público (tramo urbano da rúa Toxeira) resulta que na actualidade ten unha superficie de 720,67 m<sup>2</sup>.”*

LOGO DE VER igualmente o informe favorable á incoación do presente expediente emitido polo Secretario do Concello con data de 23/01/2019.

LOGO DE VER o acordo adoptado polo Pleno da Corporación en sesión do 31/01/2019 de incoación do referido expediente de investigación deste vial sito en Requeixo, Cardama.

Publicado anuncio do acordo de incoación do expediente no Boletín Oficial da Provincia nº 33 de 15/02/2019 e no taboleiro de anuncios do Concello e notificado aos propietarios colindantes coñecidos polo Concello, e trasladado o acordo á Xunta de Galicia e ao Estado.

Transcorrido o prazo de exposición pública de 15 días e o prazo de un mes para que calquera interesado puidera presentar cantas alegacións estimasen oportunas. Presentada con data de 21/03/2019 alegación por D<sup>a</sup>. María Isabel García Rios na que en esencia sinala que “*en cuanto no afecte a su propiedad el apartamento 2ºB (en escritura 2ºC) del edificio sito en Avenida Compostela nº 8 sito en Sigüeiro y por consecuencia no afecte al edificio mentado, la realización o ejecución de la obra, calle o cualquier otra referida a la notificación que se ha recibido, no tenemos nada que oponer a la realización de la misma*”.

Informada a citada alegación polo Arquitecto Municipal con data de 29/08/2019 sinalando que “*A este respecto soamente ai que mencionar que o obxecto do expediente de investigación que se está a tramitar unicamente afecta á delimitación correcta do vial existente na rúa Toxeira, coa finalidade de facer coincidir a realidade física e xurídica do citado ben de titularidade municipal, polo que non resulta afectada ningunha vivenda ou edificación.*”

## PLENO

Logo de ver que mediante Decreto de Alcaldía nº 1103/2019 do 29/08 se acordou conceder trámite de audiencia a D<sup>a</sup>. María Isabel García Ríos por prazo de dez días por si consideraba oportuno a presentación de alegación algunha, sen que no citado prazo se tivera presentado.

Logo de ver o informe favorable emitido polo Secretario do Concello con data de 31/10/2019 e considerando que o contido da alegación apenas ten relación co obxecto do expediente e o informe emitido polo Arquitecto Municipal fan que non sexan necesarias a práctica de novas probas

Tendo en conta a competencia atribuída ao Pleno da Corporación polo artigo 22.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, pola presente, propono que o Pleno da Corporación, previo ditame da Comisión Informativa de Contas, Facenda e Patrimonio, adopte o seguinte ACORDO:

**PRIMEIRO:** Que se declare que corresponde ao Concello de Oroso a titularidade do seguinte ben:

-Rúa Toxeira sita en Sigüeiro (Oroso) co ancho sinalado no Plano nº 1 a Escala 1/400 (Coordnadas U.T.M Huso 29ETRS89) elaborado pola empresa Xeotec SL e que consta no expediente, resultando unha superficie total de 720,67 m<sup>2</sup>.

**SEGUNDO:** Que se proceda á valoración do citado ben por parte dos servizos municipais e unha vez valorado que se proceda a incorporalo no Inventario Xeral de Bens do Concello de Oroso e que se reflita na rectificación anual do Libro inventario de bens da corporación a anotación do ben descrito anteriormente.

**TERCEIRO:** Que unha vez inscrito no Inventario de Bens da Corporación se proceda a librar certificación do mesmo e a realizar os trámites oportunos para a súa inscrición no Rexistro da Propiedade de Ordes e no seu caso a realizar as modificacións oportunas no Catastro.

**CUARTO:** Proceder a notificar o presente acordo aos interesados así como publicar o presente acordo no Boletín Oficial da Provincia para xeral coñecemento.

E esta é a miña proposta, que realizo para que sexa ditaminada pola comisión informativa e posteriormente votada polo Pleno da Corporación.

Ábrese unha quenda de intervencións.

Toma a palabra D. José Manuel Mirás Pulleiro (OR) quen solicita que interveñan os servizos xurídicos para que acrediten que este punto como pon o informe do secretario tiña que ir a comisión informativa. Igualmente

## PLENO

estamos de acordo que se investiguen os bens do Concello e se recuperen pero tamén que á hora de levar a cabo obras sexa para melloralos.

D. Alexander Doval Expósito (PP), afirma que no seu día se aprobou o proxecto de reurbanización da rúa Toxeira e se imaxina que isto é necesario para facer as obras.

O Sr. Alcalde afirma que efectivamente se podería ter levado a comisión informativa e ao pleno ordinario pero deste xeito gañamos uns días para poder licitar canto antes a obra que resulta moi necesaria.

O Sr. Alcalde da por rematado o debate sometendo a proposta de acordo a votación e o Pleno por:

Votos a favor: trece ( 6 do PSdeG-PSOE; 4 do PP; 2 de OR e 1 do BNG).

Votos en contra: ningún ( 0 votos ).

Abstencións: ningunha ( 0 votos ), adopta o seguinte acordo:

**PRIMEIRO:** Que se declare que corresponde ao Concello de Oroso a titularidade do seguinte ben:

-Rúa Toxeira sita en Sigüeiro (Oroso) co ancho sinalado no Plano nº 1 a Escala 1/400 (Coordnadas U.T.M Huso 29ETRS89) elaborado pola empresa Xeotec SL e que consta no expediente, resultando unha superficie total de 720,67 m2.

**SEGUNDO:** Que se proceda á valoración do citado ben por parte dos servizos municipais e unha vez valorado que se proceda a incorporalo no Inventario Xeral de Bens do Concello de Oroso e que se reflecta na rectificación anual do Libro inventario de bens da corporación a anotación do ben descrito anteriormente.

**TERCEIRO:** Que unha vez inscrito no Inventario de Bens da Corporación se proceda a librar certificación do mesmo e a realizar os trámites oportunos para a súa inscrición no Rexistro da Propiedade de Ordes e no seu caso a realizar as modificacións oportunas no Catastro.

**CUARTO:** Proceder a notificar o presente acordo aos interesados así como publicar o presente acordo no Boletín Oficial da Provincia para xeral coñecemento.

Non existindo mais asuntos que tratar, o Sr. Alcalde da por rematada a sesión cando son as 10:14 horas do día antedito de todo o cal eu como Secretario dou fe, asinado dixitalmente por ambos.

O Alcalde – Presidente.

O Secretario.

PLENO

Manuel Mirás Franqueira

Federico Suárez Cancelo.